

A andaina do Solpor incluída dentro da programación O Víndemo Ver 2026

O Concello de Carnota, como xa ven sendo habitual, organiza unha andaina dentro da programación do **XIII Víndemo Ver**. Coincidindo coa temática da Mostra, este ano terá lugar a “Andaina do Solpor”, unha proposta que convida a veciñanza e visitantes a gozar da paisaxe e do atardecer nun percorrido pensado para vivir a natureza en primeira persoa.

A actividade celebrarase o **sábado 4 de abril**, cun percorrido lineal duns 12 km e dificultade media, ideal para quen queira combinar exercicio, contorno natural e unha experiencia diferente ao ver caer o sol.

A organización habilitará un bus lanzadeira con saída ás **18:30 h desde a Praza de Galicia** (Carnota). A andaina comezará ás 19:00 h no antigo miradoiro de Louredo.

Será obrigatorio levar **lanterna**, xa que parte do traxecto realizarase con pouca luz. Recoméndase tamén levar calzado axeitado e roupa cómoda.

As inscricións formalizarse a través de www.cronotec.es e teñen un custo de 3 € que se pagará na conta do Concello: ES84 2080 0334 8731 1000 0035. O prazo para inscribirse será dende o luns 9 de marzo ata o martes 31 de marzo.

Consulta o [track](#)